

Calidade de vida e benestar social

4.1.- Prestacións económicas

4.2.- Saúde

4.3.- Indicadores de benestar social

4.4.- Medio ambiente
e desenvolvemento sostible

4.5.- Ocio e cultura

4.1.- Prestacións económicas

O número total de beneficiarios de pensións en Galicia volve a descender no ano 2014 para situarse en torno ás 920.000 persoas. Fronte ao incremento en torno a 6.900 beneficiarios de pensións contributivas, diminúen lixeiramente os de pensións non contributivas, con 800 menos, así como, fundamentalmente, os beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha redución superior ás 20.000 persoas.

O importe medio das pensións contributivas en Galicia, a pesar de aumentar lixeiramente por riba da media española, sitúa á comunidade no último ano como a segunda co importe máis baixo das dezasete Comunidades Autónomas españolas, manténdose o diferencial coa media estatal por riba dos 135 euros mensuais.

A Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 e o Real Decreto 1045/2013, de 27 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2014, establecen una revalorización xeral das pensións da Seguridade Social do 0,25%. O devandito Real Decreto sinala que a revalorización do límite máximo de percepción de pensións públicas é do 0,25%, e fixa igualmente una revalorización do 0,25% das contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, das pensións non contributivas do devandito sistema, así como das pensións non concorrentes do extinguido Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez. Asemade, actualízanse as contías das asignacións a favor de fillos con discapacidade con 18 o máis anos.

Neste capítulo analízanse as prestacións económicas dos distintos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, estudando posteriormente as prestacións sanitarias e sociais de xeito máis específico.

Pensións contributivas

As pensións contributivas son prestacións económicas, xeralmente de duración indefi-

Prestacións 2013-14: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2013	2014	2013	2014
Pensións contributivas	*(medias anuais, en miles)*		*(en € / mes)*	
Total	739,1	746,0	720,32	733,92
Incapacidade permanente	69,6	68,9	798,1	807,1
Xubilación	456,1	461,6	809,9	828,5
Viúvez	185,8	186,6	520,9	526,9
Orfandade e favor familiar	27,6	28,9	386,4	384,8
Pensións non contributivas				
Total	43,9	43,1		
Invalidez	16,5	16,2	388,2	
Xubilación	27,4	26,9	351,8	
LISMI	1,0	0,8		
Prestacións por desemprego	*(datos a 31-12 , en miles)*			
Total	149,7	129,0		
Contributivas	73,8	57,1	789,0	780,2
Subsidios	63,4	58,8	426,0	485,3
Renta activa de inserción	12,5	13,0	426,0	429,9
	(beneficiarios anuais)			
RISGA	9.300		390,50	
AES	2.653		1.038,17	

LISMI: Lei de integración social do minusválido
RISGA: Renda de integración social de Galicia
AES: Axudas de emerxencia social
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social e Consellería de Traballo e Benestar

4.1.1.

nida, cuxa contía ven determinada polas achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social volve a medrar lixeiramente no ano 2014 en Galicia, para acadar as 746.000 pensións, un 0,9% máis que no ano anterior (1,5% no conxunto do Estado). O seu importe medio ascende a 733,92 euros ao mes, 135,55 euros inferior ao rexistrado de media no conxunto do Estado, o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma cun importe medio das pensións contributivas máis baixo tras Estremadura. En relación ao ano anterior, o importe medio en Galicia medra un 1,9%, dúas décimas máis que a media española.

En Galicia localízanse o 8,1% do total de pensións contributivas do Estado, o que sitúa a nosa comunidade como a quinta por número deste tipo de pensións, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana.

Desagregando o estudio segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro 4.1.2.** reflicte que as pensión de xubilación son as que acollen ao maior número de beneficiarios e o importe medio máis elevado. No ano 2013, o número de beneficiarios de pensións contributivas por xubilación en Galicia foi de 461.500 persoas, cinco mil cincocentas máis que no ano anterior, o que supón o 8,3% do total de beneficiarios estatais. O importe medio mensual foi de 828,53 euros, inferior en 173,06 euros ao importe medio do Estado, o que mantén a Galicia como a comunidade cun importe medio das pensións contributivas de xubilación máis reducido de todo o Estado español.

Séguenlle en importancia, en canto ao número medio mensual se refire, as pensións

Pensións contributivas nas CC.AA. 2013-14: distribución segundo clase de pensión


	Galicia		España		G / E	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Totais						
número	739,1	746,0	9.066,0	9.201,2	8,2	8,1
14/13		0,9		1,5		
importe medio	720,32	733,92	855,03	869,47	84,2	84,4
14/13		1,9		1,7		
Incapacidade permanente						
número	69,6	68,9	935,1	929,4	7,4	7,4
importe medio	798,12	807,10	920,01	927,83	86,8	87,0
Xubilación						
número	456,1	461,6	5.451,4	5.559,1	8,4	8,3
importe medio	809,90	828,53	981,33	1.001,59	82,5	82,7
Viuvez						
número	185,8	186,6	2.336,3	2.348,5	8,0	7,9
importe medio	520,91	526,93	620,32	626,86	84,0	84,1
Orfandade e favor familiar						
número	27,6	28,9	342,9	364,2	8,0	7,9
importe medio	386,35	384,81	385,41	384,07	100,2	100,2

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.1.2.

Pensións contributivas 2008-14 (1): distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en miles


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.1.3.

de incapacidade permanente. O número total de pensións no ano 2014 descendeu ata as 68.900 (69.600 pensións no ano anterior) e o seu importe medio mensual aumentou para situarse nos 807,10 euros mensuais, case 121 euros inferior á media estatal. Esta contía, aínda que superior á rexistrada no ano anterior, sitúa a Galicia como a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante só de Estremadura, con 754,69 euros, e Murcia, con 805,03 euros.

Respecto ás pensións por viuvez, orfandade e favor familiar, as prestacións por morte e supervivencia están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o falecemento doutras. No ano 2014, o número de beneficiarios de pensións contribu-

Importe medio das pensións contributivas 2008-14: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.1.4.

Pensións contributivas en Galicia e España 2013-14 (1): distribución segundo réxime

	Total	Réxime Xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de Traballadores do Mar	R. E. da Minería do Carbón	Accidentes de Traballo	Enfermidades profesionais	SOVI
Galicia								
número								
2013	739.114	360.445	278.547	54.261	1.593	18.163	2.791	16.439
2014	746.031	377.576	275.579	54.699	1.589	18.140	2.796	15.652
14/13	0,9	4,8	-1,1	0,8	-0,3	-0,1	0,2	-4,8
importe medio								
2013	720,32	861,05	529,18	839,36	1.199,44	814,04	964,65	382,47
2014	733,92	868,34	535,14	850,13	1.227,89	826,47	982,47	383,19
14/13	1,9	0,8	1,1	1,3	2,4	1,5	1,8	0,2
España								
número								
2013	9.065.830	6.253.735	1.893.610	131.129	67.226	208.752	40.630	398.732
2014	9.201.080	6.454.006	1.918.223	130.781	67.046	208.340	39.769	382.916
14/13	1,5	3,2	1,3	-0,3	-0,3	-0,2	-2,1	-4,0
importe medio								
2013	856,37	955,74	602,60	911,54	1.473,98	917,90	1.154,16	381,86
2014	871,01	965,83	611,50	921,56	1.503,01	930,83	1.163,82	381,85
14/13	1,7	1,1	1,5	1,1	2,0	1,4	0,8	0,0
Galicia / España								
número								
2013	8,2	5,8	14,7	41,4	2,4	8,7	6,9	4,1
2014	8,1	5,9	14,4	41,8	2,4	8,7	7,0	4,1
importe medio								
2013	84,1	90,1	87,8	92,1	81,4	88,7	83,6	100,2
2014	84,26	89,9	87,5	92,2	81,7	88,8	84,4	100,4

SOVI: Seguro obligatorio de vellez e invalidez

(1) datos a 31 de decembro de cada ano; os datos do importe medio están en euros/mes

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.1.5.

tivas de viuvez en Galicia ascendeu a 186.600 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual a 526,93 euros, o máis reducido do conxunto do Estado, con case 100 euros menos ao mes que a media. No concernente ás pensións de orfandade e favor familiar, os 28.900 beneficiarios (o 8% do total de España) perciben de media 384,81 euros mensuais. A pensión de orfandade e favor familiar mantense como a única das pensións contributivas cun importe medio superior á media estatal.

En canto á distribución segundo réximes, o número de pensións correspondente ao réxime xeral e o especial de traballadores autónomos ascende a 31 de decembro do último ano a 377.576 e 275.579 pensións, respectivamente, situándose o seu importe medio en 868,34 e 535,14 euros/mes, respectivamente. No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 54.699 e o seu importe medio, a 850,13 euros mensuais, salientando o feito de que o 41,8% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2013, Galicia segue sendo a comunidade co menor importe medio mensual no caso do réxime de traballadores autónomos e a cuarta con menor importe medio no réxime xeral, por detrás de Estremadura, Murcia e Andalucía. No caso do réxime especial de traballadores do mar, o importe medio galego ascende aos devanditos 843,5 euros/mes, o menor do Estado.

Comparativamente co ano anterior, o **cadro 4.1.5.** reflicte que o incremento de case 7.000 pensións contributivas en Galicia veu motivado fundamentalmente polo aumento das correspondentes ao réxime xeral (17.131 pensións máis). Asemade, o número de pensións dentro do réxime especial de traballadores do mar tamén se incrementa en relación á mesma data do ano anterior (438 máis). Os citados incrementos compensan unha nova caída rexistrada tanto no caso dos traballadores autónomos (2.968 menos) como no seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) (787 menos).

Pensións non contributivas

As pensións non contributivas, reguladas na Lei Xeral da Seguridade Social, aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

As pensións non contributivas rexistradas en Galicia no ano 2014 presentan, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, un novo descenso do número total de beneficiarios. Tras unha caída do 1,8% respecto ao ano anterior, o número total de beneficiarios sitúase nos 43.146 (o 9,6% do total de beneficiarios en España) manténdose como a cuarta comunidade con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana.

O 62,4% do total de beneficiarios teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,6%, de invalidez. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, os **cadros 4.1.6.** e **4.1.7.** amosan o descenso tanto das pensións de invalidez (representan o 8,2% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 10,7% destas pensións no conxunto do Estado). O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 354,46 euros para as pensións por xubilación e de 388,69 euros para as pensións por invalidez.

En torno ao 68% dos beneficiarios das pensións non contributivas que teñen a súa residencia fixada en Galicia son mulleres, sendo esta proporción similar á participación media feminina no Estado español. O


Pensións non contributivas nas CC.AA. 2013-14 (1)

	Total			Invalidez			Xubilación		
	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)	2013	2014	14/13 (%)
Andalucía	101.707	102.447	0,7	45.416	45.928	1,1	56.291	56.519	0,4
Aragón	7.700	7.631	-0,9	2.809	2.795	-0,5	4.891	4.836	-1,1
Asturias	9.489	9.300	-2,0	4.660	4.560	-2,1	4.830	4.740	-1,9
Baleares	7.509	7.647	1,8	3.232	3.218	-0,4	4.276	4.429	3,6
Canarias	42.714	43.005	0,7	19.307	19.458	0,8	23.408	23.547	0,6
Cantabria	6.424	6.609	2,9	3.256	3.373	3,6	3.168	3.236	2,1
Castela-A Mancha	20.174	19.902	-1,3	9.459	9.410	-0,5	10.715	10.492	-2,1
Castela e León	22.386	22.276	-0,5	9.795	9.788	-0,1	12.592	12.488	-0,8
Cataluña	55.659	56.527	1,6	24.873	25.421	2,2	30.786	31.106	1,0
C. Valenciana	46.400	46.952	1,2	19.509	19.316	-1,0	26.891	27.635	2,8
Estremadura	14.202	14.282	0,6	5.801	5.874	1,3	8.401	8.408	0,1
Galicia	43.925	43.146	-1,8	16.510	16.244	-1,6	27.415	26.902	-1,9
Madrid	34.645	35.722	3,1	13.933	14.351	3,0	20.712	21.371	3,2
Murcia	14.174	14.503	2,3	7.399	7.548	2,0	6.775	6.955	2,7
Navarra	2.635	2.616	-0,7	877	913	4,1	1.758	1.703	-3,1
País Vasco	10.449	10.772	3,1	5.772	6.041	4,7	4.677	4.731	1,2
A Rioxa	1.772	1.807	2,0	759	770	1,4	1.013	1.037	2,4
Ceuta e Melilla	4.326	4.489	3,8	2.110	2.296	8,8	2.216	2.194	-1,0
Total	446.290	449.633	0,7	195.477	197.304	0,9	250.815	252.329	0,6
G/E (%)	9,8	9,6		8,4	8,2		10,9	10,7	

(1) medias anuais
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.1.6.

Pensións non contributivas 2008-14 (1): distribución segundo clase de pensión




(1) medias anuais, en miles
Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.1.7.

predominio feminino obsérvase nas catro provincias galegas, mais con diferenzas cuantitativas, oscilando ente o 71,5% da provincia de A Coruña e o 62,3% de Ourense e Lugo, que ofrecen novamente unha das participacións máis reducidas do Estado, tan só superior á das tres provincias vascas.

O estado civil maioritario entre os beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia é o de casado cunha participación en torno ao 45%, superior á media estatal que se si-

Importe medio das pensións non contributivas 2008-14 (1): distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en euros
Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

4.1.8.

tuou no 41,5%. A porcentaxe de beneficiarios solteiros en Galicia foi do 37,3%, dous puntos inferior á media do Estado. Analizando conxuntamente as variables sexo e estado civil, obsérvase que 53 de cada 100 mulleres beneficiarias están casadas (50 de cada cen de media en España) e que 60 de cada cen homes beneficiarios están solteiros (case o 65% no conxunto do Estado).

Como terceira característica do perfil dos beneficiarios de pensións non contributivas, tanto en Galicia como no conxunto de España, a unidade económica de convivencia máis habitual está formada por unha soa persoa, representando o 35% das pensións. Non obstante, na provincia de Ourense este peso sitúase no 43% e na de Lugo, no 40%. A continuación, a unidade económica de convivencia integrada por dous e tres membros, representan en torno ao 17% e 25% do total.

No concernente ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, e pensións asistenciais, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

No ano 2014 continúa o descenso do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.1.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego foi de case o 20% respecto ao ano anterior (201 beneficiarios menos), oito puntos superior ao experimentado no conxunto do Estado. O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 816, reducíndose levemente a súa importancia relativa no conxunto de España ata o 3,9% (4,3% en 2013).

A contía vixente para o último ano establecida na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de

Prestacións sociais e económicas da LISMI nas CC.AA. 2013-14 (1)

	2013	2014	14/13 (%)
Andalucía	4.106	3.666	-10,7
Aragón	603	538	-10,8
Asturias	782	721	-7,8
Baleares	169	140	-17,2
Canarias	264	245	-7,2
Cantabria	610	583	-4,4
Castela-A Mancha	2.563	2.410	-6,0
Castela e León	3.052	2.602	-14,7
Cataluña	1.185	1.052	-11,2
C. Valenciana	2.064	1.889	-8,5
Estremadura	1.145	955	-16,6
Galicia	1.017	816	-19,8
Madrid	2.469	1.948	-21,1
Murcia	3.131	2.808	-10,3
Navarra	-	-	-
País Vasco	-	-	-
A Rioxa	118	103	-12,7
Ceuta e Melilla	587	577	-1,7
Total	23.865	21.053	-11,8
G/E (%)	4,3	3,9	


LISMI: Lei de integración social do minusválido

(1) número de beneficiarios, medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.1.9.

Prestacións sociais e económicas da LISMI 2008-14 (1): distribución segundo clase




SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SMGT: Subsidio de movilidade e compensación por gastos de transporte

(1) número de prestacións, en medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.1.10.

Importe bruto das nóminas da LISMI 2008-14 (1): distribución segundo clase



SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SMGT: Subsidio de movilidade e compensació por gastos de transporte
(1) importe bruto, en miles de euros
Fonte: IMSERSO, *Prestaciones sociales y económicas para personas con discapacidad*

4.1.11.

Orzamentos Xerais do Estado, que quedan fixados nos importes mensuais seguintes:

- SGIM: 149,86 euros mensuais.
- SATP: 58,45 euros mensuais
- SMGT: 62,90 euros mensuais.

Prestacións por desemprego

O número total de beneficiarios de prestacións de desemprego redúcese no ano 2014 de xeito máis acusado que no ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado. O número total de perceptores desta prestación sitúase nas 128.998 persoas, un 13,8% menos que en 2013, (-11,9% en España), o que representa o 5,3% dos perceptores no conxunto do Estado. Esta caída prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios, fronte ao leve ascenso no número de beneficiarios da renda activa de inserción.

O 45,6% dos beneficiarios da prestación por desemprego en Galicia no ano 2014 tiñan dereito ás prestacións de nivel asistencial, sendo esta porcentaxe do 42,3% no ano anterior, correspondendo un 44,3% a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo (49,3% en 2013) e o 10,1% restante, á renda activa de inserción (8,3% no ano anterior).

O descenso do 6,9% do paro rexistrado motivou que o número de beneficiarios das prestacións por desemprego descendera de xeito máis acusado que no ano 2013, cunha redución do 13,8%. A importancia relativa das prestacións contributivas sobre o total de prestacións por desemprego aumenta novamente no último ano, descendendo as porcentaxes de beneficiarios do subsidio e da renda activa de inserción. O devandito descenso dos beneficiarios das prestacións contributivas leva asociado unha caída do seu importe medio ata os 780,2 euros mensuais.

As catro provincias presentan un importe medio das prestacións contributivas inferior á media estatal, rexistrándose a contía máis elevada en A Coruña, con 803 euros mensuais, por diante de Pontevedra, con 776,20

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2013-14 (1)

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios totais	149.687	2.742.905	128.998	2.417.742
prestación contributiva	73.795	1.221.534	57.137	976.785
subsidio	63.400	1.140.367	58.847	1.049.903
renta activa de inserción	12.492	250.333	13.014	265.098
subsidio eventuales agrarios	-	130.671		125.956
Paro rexistrado (2)	276.007	4.845.302	256.960	4.575.937
Taxas cobertura (3)				
total	59,96	61,44	55,57	57,61

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
(2) medias anuais
(3) datos a 31 de decembro de cada ano; indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula: beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral +beneficiarios subsidios agrarios)
(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia *CES Galicia* a partir de datos do *Ministerio de Empleo y Seguridad Social*

4.1.12.

euros. Lugo e Ourense teñen os importes medios máis reducidos con 739,29 euros/mes e 744,20 euros/mes, respectivamente.

No ano 2014 o 3,7% dos beneficiarios das prestacións por desemprego en Galicia son estranxeiros, porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado que se sitúa no 9,9%. No último ano, un total de 4.737 beneficiarios son de nacionalidade estranxeira, o 2% do total estatal, dos que 2.722 pertencen a países non comunitarios e os restantes 2.015, á Unión Europea.

A taxa de cobertura, **cadro 4.1.12.**, mide a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. En Galicia esta taxa descendeu dende o 60% do ano 2013 ata 55,6% do último ano, sendo esta porcentaxe dous puntos inferior á taxa de cobertura media no conxunto do Estado. ❑

4.2.- Saúde

A estrutura e a evolución demográfica dun territorio condicionan de xeito fundamental a evolución das necesidades actuais e futuras de prestacións sanitarias. En Galicia, o 23,6% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2014 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 17,7%. Este diferencial implica non só uns índices de envellecemento e sobreenvellecemento superiores á media española, senón tamén un maior gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

Os orzamentos da Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que no ano 2014 se destinaron a este fin un total de 5.457,4 millóns de euros, o que representa o 54,5% do presuposto total para ese ano. As partidas máis importantes foron as de sanidade, con 3.174,4 millóns de euros (31,7% do orzamento), e a correspondente a educación, con 2.046,7 millóns de euros (20,5%).

No que atinxe aos proxectos de investimento do programa de protección e promoción da saúde pública, que ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación, diminuíndo a incidencia e carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco, o importe presupostado para o exercicio 2014 volve a reducirse en relación ao ano anterior. O investimento inicial situouse en 17 millóns de euros, un 6,6% menos, dos que o 68,8% diríxese ao Programa galego de vacinacións (11,1 millóns de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, o equipamento informático, que acolle o 8,9% (1,5 millóns), e os programas poboacionais de cribado, co 7,2% (1,2 millóns de euros).

En relación ao exercicio precedente, o investimento aumenta tan só nos ámbitos dos "Programa de prevención de drogodependencias", "Prevención e control de enfermidades transmisibles" e "Programas poboacionais de cribado". Por contra, os maiores descensos en termos absolutos prodúcense nos programas correspondentes

Produción de bens públicos de carácter social 2014-15

	2014	2015	15/14
	(en miles de euros)		*(%)*
Total	5.457.427	5.468.894	0,2
Sanidade	3.174.406	3.170.026	-0,1
Educación	2.046.716	2.048.218	0,1
Cultura	61.073	57.744	-5,5
Deportes	18.273	18.548	1,5
Vivenda	58.418	70.235	20,2
Outros servizos comunitarios e sociais	98.541	104.123	5,7

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.2.1.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2013-15

	2013	2014	2015	14/13	15/14
	(en miles de euros)			*(%)*	
Total	18.163,9	16.970,2	16.523,2	-6,6	-2,6
Programa de coord. da insp. e laboratorios de Saúde Pública	309,5	275,0	275,0	-11,1	0,0
Programa de sistemas de información de saúde pública	214,0	144,0	118,1	-32,7	-18,0
Programa de coordinación e calidade	238,8	200,0	160,0	-16,2	-20,0
Programa de prevención drogodependencias	25,0	75,0	61,5	200,0	-18,0
Promoción de estilos de vida saudables	92,0	90,0	73,8	-2,2	-18,0
Seguridade alimentaria	487,5	301,6	301,6	-38,1	0,0
Sanidade ambiental	116,4	60,4	52,8	-48,1	-12,6
Epidemioloxía					
Actuacións laboratorios saúde pública	17,3				
Planificación, estratexia e avaliación saúde pública					
Prevención e control de enfermidades transmisibles	326,5	364,3	298,7	11,6	-18,0
Programa galego de vacinacións	12.098,3	11.680,0	11.200,0	-3,5	-4,1
Equipamento informático saúde pública	1.788,2	1.516,9	1.300,0	-15,2	-14,3
Programas poboacionais de cribado	1.183,0	1.223,0	1.666,9	3,4	36,3
Plataforma de Innovación	150,0	140,0	114,8	-6,7	-18,0
Coordinación dos servizos de inspección	1.117,4	900,0	900,0	-19,5	0,0

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.2.2.

ao "Programa galego de vacinacións", "equipamento informático saúde pública" e o de "coordinación dos servizos de inspección".

No ámbito normativo, cómpre mencionar o Decreto 159/2014, do 11 de decembro, polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde. De acordo co que dispón o artigo 23 da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, este decreto ten como finalidade regular o procedemento de formalización do documento de instrucións previas ante o persoal do rexistro ou ante o persoal das unidades habilitadas no ámbito territorial de cada estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.

Co obxecto de mostrar unha visión global da situación do sistema de saúde en Galicia, distinguimos a continuación entre indicadores de saúde propiamente ditos, indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes e, por último, indicadores de gasto sanitario público.

Indicadores de saúde

O envellecemento da poboación presenta en Galicia unha alta intensidade, das maiores do territorio español e europeo. Neste senso, a porcentaxe de poboación de 65 ou

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2013-14

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación	2.765.940	47.129.783	2.748.695	46.771.341
menor de 16 anos	348.473	7.510.869	347.700	7.473.995
menor de 20 anos	435.003	9.256.953	431.620	9.197.698
entre 16 e 64 anos	1.777.204	31.283.053	1.752.950	30.854.919
65 e máis anos	640.263	8.335.861	648.045	8.442.427
85 e máis anos	99.912	1.195.430	103.885	1.247.019
Índices (1)				
vellez	23,1	17,7	23,6	18,1
envellecemento	147,2	90,0	150,1	91,8
sobreenvellecemento	15,6	14,3	16,0	14,8
dependencia xeral	55,6	50,7	56,8	51,6
dependencia xuvenil	19,6	24,0	19,8	24,2
dependencia senil	36,0	26,6	37,0	27,4
de recambio	158,7	115,6	161,1	116,0

(1) notas sobre os índices

vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

de recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Padrón municipal*

4.2.3.

máis anos en relación á poboación total (índice de vellez) aumenta en Galicia ano tras ano, representando na actualidade o 23,6%. Un indicador que mide a evolución deste colectivo é o índice de envellecemento, que relaciona a poboación de 65 e máis anos con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos. Mentres que no conxunto de España este indicador presenta valores pouco superiores a 90, en Galicia presenta incrementos continuos, ata superar o valor 150 no ano 2014. Asemade, a estrutura do grupo de poboación maior de 65 anos tamén reflicte una evolución non positiva, xa que fronte ao 25,6% do colectivo formado por persoas menores de 70 anos no ano 2014, as previsión para o ano 2023 estiman que esta porcentaxe se sitúe en torno ao 24,2% (**cadro 4.2.3.**).

A esperanza de vida en Galicia nos últimos anos incrementouse significativamente, situándose en 82,7 anos en 2013 (último dato dispoñible), o que, unido ás baixas taxas de natalidade existentes, determina o forte envellecemento da estrutura poboacional galega.

No ano 2013 (último dato dispoñible) o número de defuncións rexistradas en Galicia descende en 438 en relación ao ano anterior, acadando os 30.433 falecementos. A taxa bruta de mortalidade situouse en Galicia nas 1.105,4 defuncións por cada 100.000 habitantes, un 1% inferior á do ano anterior, o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa mías alta debido á súa pirámide de poboación (837,9 defuncións de media no Estado). No caso das mulleres esta taxa foi de 1.083,9 defuncións por cada 100.000 mulleres, un 1,3% menos que no ano 2012, e no dos homes, de 1.150,5 falecementos, un 0,6% inferior á taxa rexistrada no ano precedente.

A principal causa de morte segue correspondendo ao grupo das enfermidades do sis-

Defuncións en Galicia e España 2012-13: distribución segundo causa de morte

	Total	Infecciosas e parasitarias	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
2012							
Galicia	30.871	408	8.442	10.287	3.534	1.518	7.090
A Coruña	11.992	185	3.256	4.185	1.367	644	2.540
Lugo	5.058	48	1.280	1.738	572	213	1.255
Ourense	4.731	53	1.187	1.649	590	241	1.064
Pontevedra	9.090	122	2.719	2.715	1.005	420	2.231
España	402.950	6.520	110.993	122.097	47.336	19.797	102.727
2013							
Galicia	30.433	375	8.442	10.264	3.228	1.480	7.019
A Coruña	12.147	166	3.303	4.268	1.291	633	2.652
Lugo	4.941	38	1.234	1.855	546	212	1.094
Ourense	4.541	49	1.235	1.536	492	229	1.049
Pontevedra	8.804	122	2.670	2.605	899	406	2.224
España	402.950	6.520	110.993	122.097	47.336	19.797	102.727

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.2.4.

Defuncións segundo as principais causas da morte en Galicia 2013

	Total	grupos de idade			
		0-39	40-64	65-79	80 e máis
Tumores	8.442	103	1.729	3.190	3.420
Tráquea, bronquios e pulmón	1.552	8	467	696	381
Colon	932	6	127	341	458
Sitios mal definidos	526	2	101	227	196
Estómago	521	-	22	168	331
Próstata	512	1	80	200	231
Mama	458	18	131	135	174
Enfermidades do sistema circulatorio	10.264	31	594	1.978	7.661
Cerebro-vasculares	2.717	10	136	495	2.076
Outras enfermidades do corazón	2.123	11	117	412	1.583
Insuficiencia cardíaca	1.557	3	35	192	1.327
Outras enfermidades isquémicas	1.289	1	82	282	924
Infarto agudo de miocardio	1.283	6	177	384	716
Hipertensivas	691	-	11	86	594

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.2.5.

tema circulatorio, que provocan o 33,7% das defuncións, seguidas dos tumores e das enfermidades do sistema respiratorio, que causan o 27,7% e o 10,6% dos decesos, respectivamente. Atendendo á distribución segundo sexos, tanto en Galicia como en España as enfermidades do sistema circulatorio son a primeira causa de mortalidade feminina seguidas polos tumores, mentres que no caso dos homes, os tumores son a primeira causa de morte por diante das enfermidades do sistema circulatorio (**cadro 4.2.4.**).

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2013, rexistráronse en Galicia 182 novos casos de SIDA, o que supón unha taxa de 6,6 casos por cada 100.000 habitantes (7,0 casos no conxunto do Estado). A transmisión entre homes que manteñen relacións homosexuais segue a ser a máis frecuente, co 62,1% dos novos diagnósticos, seguida das relacións heterosexuais de risco, co 26,9% dos casos. En Galicia no ano 2013 existen 2.033 persoas diag-

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2013-14 (1)

	2013	2014	14/13	
				(%)
Andalucía	194	195	1	0,5
Aragón	52	62	10	19,2
Asturias	32	25	-7	-21,9
Baleares	28	33	5	17,9
Canarias	30	35	5	16,7
Cantabria	15	14	-1	-6,7
Castela-A Mancha	95	81	-14	-14,7
Castela e León	112	115	3	2,7
Cataluña	170	140	-30	-17,6
C. Valenciana	94	109	15	16,0
Estremadura	36	44	8	22,2
Galicia	98	112	14	14,3
Madrid	64	59	-5	-7,8
Murcia	35	43	8	22,9
Navarra	24	36	12	50,0
País Vasco	42	20	-22	-52,4
A Rioxa	13	8	-5	-38,5
Total	1.134	1.131	-3	-0,3

(1) vítimas mortais ás 24 horas en accidentes en vías interurbanas
Fonte: Dirección General de Tráfico

4.2.6.

nosticadas con esta enfermidade, o 6,8% do total estatal.

No que atinxe á saúde materno-infantil, no ano 2013 continúa descendendo a mortalidade infantil, acadando en Galicia as 2,08 defuncións por cada mil nacidos vivos fronte ás 3,15 do ano 2008. Estas taxas son inferiores ás rexistradas no conxunto do Estado, que se sitúa nos 2,71 falecementos por cada mil persoas en 2013 (3,31 no ano 2008). Comparado co resto das CC.AA., tan só Asturias (1,65 defuncións por cada mil persoas), Aragón (1,80) e Estremadura (2,03) presentan taxas inferiores á galega.

Un segundo indicador da saúde materno-infantil é o da taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE). No ano 2013 (último dato dispoñible) rexistráronse un total de 3.443 IVE, o 3,2% do total estatal, dos que a metade corresponde a mulleres cun nivel de instrución de bacharelato e ciclos de formación profesional (26,6% en España). En termos relativos, a taxa de IVE en Galicia é de 6,78 interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, o que a sitúa como unha das CC.AA. coa taxa máis reducida, tan só superior á rexistrada en Ceuta e Melilla e igual que a de A Rioxa (11,74 no conxunto do Estado).

Dentro dos indicadores de saúde considérase tamén a sinistralidade, na que cómpre diferenciar aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, Galicia rompe no ano 2014 coa tendencia descendente iniciada no ano 1998, rexistrándose unha medra do número de vítimas mortais de tráfico, que se sitúa en 112, catorce máis que no ano anterior. Tras este incremento, o segundo máis acusado no conxunto do Estado, o número total de persoas falecidas na comunidade galega representan o 9,9% do total estatal, sendo novamente a cuarta Comunidade Autónoma con maior número de vítimas, tras Andalucía, Cataluña e Castela e León.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.3.1.** *[Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2013-14: distribución segundo a gravidade e sector económico]* reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia aumentou no último un 3,8% para situarse nos 22.377 accidentes.

Centros sanitarios 2014: distribución provincial e segundo EOXI (1)

	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña		129	34	14	5
EOXI A Coruña	36	56	13		
EOXI Ferrol	20	25	9		
EOXI Santiago	37	48	12		
Lugo		73	12	5	3
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	67	73	12		
Ourense		99	9	5	3
EOXI Ourense-Verín-O Barco	92	99	9		
Pontevedra		93	19	14	3
Adscritos a Santiago	9	12	2		
EOXI Pontevedra-Salnés	34	36	9		
EOXI Vigo	26	45	8		
Galicia	314	394	74	38	14

(1) EOXI: Estrutura Organica de Xestión Integrada
[consulta: 02-03-2015]
Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

4.2.7.

En termos relativos, o índice de incidencia aumentou en Galicia dende os 211,5 accidentes por cada 100.000 traballadores de 2013 ata os 229,6 accidentes en 2014.

Indicadores de centros sanitarios


Entre os indicadores básicos do funcionamento do sistema sanitario, podemos destacar os datos de centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos referidos a recursos materiais e humanos, como cualitativos, reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera.

A estrutura organizativa do sistema galego de saúde divídese en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.2.7.**, a partir do ano 2013 Galicia conta con sete áreas de xestión integrada e 314 zonas básicas que se corresponden con cada un dos concellos.

No que se refire aos recursos materiais en atención primaria, os centros de saúde son os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos publicados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, Galicia conta con 394 centros de saúde e 74 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 38 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.


O número de camas instaladas nos hospitais galegos descende de xeito continuado ao longo dos últimos anos. O **cadro 4.2.8.** reflicte que a 31 de decembro de 2013 (último dato dispoñible) había instaladas un total de 9.227 camas, 516 menos que na mesma data do ano 2009, o que representa 3,6 camas por cada mil habitantes. As provincias de A Coruña e Ourense presentan a rateo máis elevada, con 3,7 camas por cada mil habitantes, fronte ás 3,6 de Lugo e as 3,4 de Pontevedra.

No concernente aos recursos humanos nos centros sanitarios, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas ascendía a 31 de decembro de 2013 a 3.634 persoas, dos que 1.626 son



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior
Fonte: IGE

4.2.8.




(1) datos a 31 de decembro de cada ano.
Fonte: IGE

4.2.9.

Lista de espera estrutural cirúrxica 2014

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera (en días)
Total centros Sergas	31.825	23.949	6.327	1.491	58	67,1
EOXI A Coruña	7.858	5.505	1.983	370	-	72,8
EOXI Santiago	6.609	4.770	1.601	224	14	69,3
EOXI Ferrol	1.447	1.390	57	-	-	36,2
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	3.580	3.135	445	-	-	48,4
EOXI Ourense-Verín-Barco	3.127	2.874	253	-	-	43,7
EOXI Pontevedra-Salnés	2.204	2.157	47	-	-	35,0
EOXI Vigo	7.000	4.118	1.941	897	44	95,0
Hospital Povisa	4.644	1.712	926	1.614	392	171,8

Tempo medio de espera 2008-14



(1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles

(2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.2.10.

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2014: distribución segundo especialidade

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera
	total	0-3 meses	(en días)	total	0-3 meses	(en días)
Total especialidades	31.818	23.942	67,1	4.644	1.712	171,8
Traumatoloxía	9.113	5.721	90,4	1.527	440	196,3
Oftalmoloxía	7.821	5.950	60,9	1.087	393	182,7
Cirurxía xeral ou de dixestivo	5.146	4.146	59,2	903	265	189,5
Uroloxía	2.493	2.206	50,4	110	89	67,7
Otorrinolaringoloxía	1.553	1.321	52,9	107	86	60,3
Xinecoloxía	1.327	1.093	51,8	136	100	66,3
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.257	1.090	50,5	140	31	171,5
Cirurxía pediátrica	847	624	68,8			
Cirurxía plástica e reparadora	812	623	59,6	219	132	103,2
Dermatoloxía	413	396	39,1			
Neurocirurxía	388	301	63,5	37	20	84,0
Cirurxía cardíaca	325	202	79,9			
Cirurxía maxilofacial	202	159	57,9	378	156	147,3
Cirurxía torácica	121	110	38,5			
Cirurxía cardíaca infantil	7	7	31,3			

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.2.11.

Doazóns nas CC.AA. 2013-14

	Doantes			
	2013		2014	
	(número)	(doantes/millón habs.)	(número)	(doantes/millón habs.)
Andalucía	297	35,2	315	37,5
Aragón	50	37,1	43	32,4
Asturias	47	44,0	51	48,0
Baleares	39	35,1	52	47,1
Canarias	69	32,6	71	33,7
Cantabria	33	55,8	31	52,7
Castela-A Mancha	73	34,7	65	31,3
Castela e León	133	52,8	121	48,5
Cataluña	207	27,3	218	29,0
C. Valenciana	171	33,4	175	35,0
Estremadura	31	28,1	38	34,6
Galicia	97	35,1	91	33,1
Madrid	224	34,5	238	36,9
Murcia	54	36,7	50	34,1
Navarra	16	24,8	29	45,3
País Vasco	96	43,8	75	34,3
A Rioxa	18	55,9	18	56,4
Ceuta e Melilla	-	-	1	11,8
Total	1.655	35	1.682	36

Fonte: *Organización Nacional de Trasplantes*

4.2.12.

médicos e 1.488, ATS-DUE. En termos relativos, Galicia conta con 1,32 profesionais por cada mil habitantes, situándose a rateo de pediatras por cada 1.000 nenos de cero a catorce anos en 0,90. No caso do persoal sanitario e en formación nos establecementos con réxime de internado, a rateo por cada 1.000 habitantes sitúase en 2,24, cifra similar á do ano 2010, aínda que por baixo dos 2,55 acadados a finais de 2009.

No que atinxe á lista de espera estrutural cirúrxica, **cadro 4.2.10.**, no ano 2014 rexístrase un descenso do tempo de espera medio para ser operado, situándose a 31 de decembro nos 80,4 días, catro menos que na mesma data do ano anterior. Nos hospitais do Sergas a espera media mantense practicamente no mesmo nivel do ano anterior, pasando dos 67,8 días de decembro de 2013 aos 67,1 días do último ano. Segundo os datos publicados polo Sergas, dos 36.462 pacientes nesta lista estrutural cirúrxica, o 29,2% son da especialidade de traumatoloxía, sendo a súa espera media nos hospitais do Servizo Galego de Saúde de 90,4 días. Asemade, cómpre mencionar que o 24,4% e o 16,6% deses pacientes teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e xeral ou de dixestivo, respectivamente, situándose a súa espera media nos centros do Sergas en 60,9 días e 59,2 días.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera a 31 de decembro de 2014 situouse nos 18,7 días, sendo o obxectivo un máximo de 30 días. Do mesmo xeito, cúmprese o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 56,5 días.

Doazóns e transplantes

No concernente ás doazón e aos transplantes, o número de doantes descendeu en Galicia ata os 91 (xx na provincia da Coruña, x na de Lugo, x na de Ourense e xx na de Pontevedra), o que supón un total de 33,1 doantes por millón de persoas (35,1 doantes por millón de persoas no conxunto do Estado), o que a sitúa no ano 2014 como a cuarta Comunidade Autónoma con menor índice de doantes tras Cataluña (29 p.m.p.),

Doazóns e transplantes nas CC.AA. 2014

	Doantes	Transplantes de órganos					
		Corazón	Intestinais	Fígado	Páncreas/Ril	Pulmón	Renal
Andalucía	315	34	-	205	18	26	453
Aragón	43	10	-	33	-	-	78
Asturias	51	12	-	38	-	-	51
Baleares	52	-	-	-	-	-	49
Canarias	71	-	-	44	2	-	108
Cantabria	31	27	-	18	5	36	46
Castela-A Mancha	65	-	-	-	-	-	82
Castela e León	121	10	-	44	8	-	117
Cataluña	218	56	-	163	19	67	604
C. Valenciana	175	23	-	107	7	30	246
Estremadura	38	-	-	25	-	-	44
Galicia	91	20	-	86	2	26	141
Madrid	238	60	6	191	17	77	431
Murcia	50	9	-	39	3	-	54
Navarra	29	4	-	19	-	-	40
País Vasco	75	-	-	56	-	-	127
A Rioxa	18	-	-	-	-	-	7
Ceuta e Melilla	1	-	-	-	-	-	-
Total	1.682	265	6	1.068	81	262	2.678

Fonte: *Organización Nacional de Trasplantes*

4.2.13.

Castela-A Mancha (31,3 p.m.p.) e Aragón (32,4 p.m.p.). Comparado co ano anterior, fronte ao incremento do índice de doantes por habitante experimentado en España, Galicia presenta un descenso, rexistrándose no ano 2013 un total de 35,1 doantes por millón de persoas, cifra similar ao total estatal.

A idade media do doante é de 62,1 anos, sendo o 63% do total de doantes maiores de 60 anos. No que atinxe ás causas de morte dos doadores, os datos mostran unha forte tendencia á diminución dos accidentes de tráfico, que foron no ano 2013 só o 2% do total, fronte ao 20% que se acadaba no ano 2000. Os motivos principais de morte foron os accidentes cerebro vasculares, cun 72%, seguidos dos traumatismos cranio encefálicos que non foron consecuencia de accidente de tráfico.


No que respecta aos transplantes nos hospitais do Servizo Galego de Saúde, no ano 2014 realizáronse un total de 275 transplantes de órganos dos que máis da metade, 141 transplantes, foron de ril; 86, de fígado; 26, de pulmón; 20, de corazón; e 2, de páncreas. Comparando co resto das CC.AA., Galicia sitúase no quinto lugar en número de transplantes, tras Cataluña, Madrid, Andalucía e a C. Valencia.

Indicadores de gasto sanitario público

O gasto sanitario, en base ao orzamento inicial de gasto, continúa a súa tendencia descendente iniciada no ano 2010. Tras unha redución do 3,4% no último ano, a máis acusada de todas as CC.AA., o gasto sanitario en Galicia situouse nos 3.302,2 millóns de euros. En termos por habitante, o gasto total ascendeu a 1.201,35 euros, o que o sitúa como o noveno máis elevado do conxunto das Comunidades Autónomas. Isto ven determinado fundamentalmente pola estrutura e volume poboacional, así como polas características xeográficas de Galicia, que determinan un gasto sanitario elevado.

No que respecta ao gasto farmacéutico, Galicia, o País Vasco e a Comunidade Valenciana foron as únicas CC.AA. que rexistraron un descenso do importe das facturas de receitas prescritas no ano 2014. Tras unha redución do 1,6%, o gasto farmacéutico en

Gasto sanitario por habitante en Galicia e España 2008-14



Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

4.2.14.

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2014

	Gasto farmacéutico			Receitas facturadas			Gasto medio por receita facturada	
	(en millóns de euros)	14/13 (%)	14/11 (1) (%)		14/13 (%)	14/11 (1) (%)	(en euros)	14/13 (%)
Andalucía	1.639,0	2,7	-10,1	164.311.687	1,8	-8,2	9,97	0,9
Aragón	292,0	1,6	-16,7	26.630.732	2,4	-9,5	10,96	-0,7
Asturias	252,9	2,6	-20,3	22.153.219	-2,0	-12,5	11,42	4,8
Baleares	179,3	3,9	-12,3	16.744.246	2,9	-7,6	10,71	1,0
Cantabria	123,6	3,1	-12,6	10.613.212	1,7	-8,9	11,64	1,4
Castela-A Mancha	451,3	1,5	-16,3	41.835.697	0,9	-9,2	10,79	0,6
Castela e León	541,3	2,7	-18,5	48.874.322	1,7	-9,2	11,07	1,0
Cataluña	1.343,4	2,2	-20,2	134.173.880	1,8	-13,1	10,01	0,3
Canarias	422,9	3,7	-13,2	39.898.478	3,5	-4,3	10,60	0,2
C. Valenciana	1.104,0	-0,2	-21,5	96.120.107	0,6	-15,8	11,49	-0,8
Estremadura	294,6	6,0	-10,6	25.597.945	3,1	-5,5	11,51	2,8
Galicia	681,4	-1,6	-17,8	59.960.938	-0,1	-10,1	11,36	-1,6
Madrid	1.057,4	5,4	-10,8	98.948.997	1,9	-10,1	10,69	3,4
Murcia	316,5	1,0	-17,9	28.103.426	1,4	-10,6	11,26	-0,5
Navarra	123,7	4,1	-16,6	11.269.587	3,5	-8,4	10,98	0,6
País Vasco	449,4	-3,8	-15,9	35.602.341	-9,1	-18,3	12,62	5,8
A Rioxa	65,1	2,6	-17,8	5.813.481	1,8	-8,7	11,20	0,8
Ceuta	13,0	4,8	-9,5	1.110.372	1,8	-9,5	11,74	3,0
Melilla	11,7	9,6	-3,0	924.374	-0,8	-11,9	12,70	10,5
Total	9.362,6	2,0	-15,9	868.687.041	1,1	-10,7	10,78	0,9

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmacéutica

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Facturación de recetas médicas*

4.2.15.

Galicia situouse nos 681,4 millóns de euros (o 7,3% do total estatal), e a coloca como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Andalucía, Cataluña, Valencia e Madrid. Dende a reforma do modelo de prestación farmacéutica en 2011, o gasto farmacéutico descendeu case un 18% en Galicia, dous puntos porcentuais por riba do experimentado no conxunto do Estado.

Tendo en conta que o volume de receitas facturadas en Galicia descende lixeiramente en 2014, o gasto medio por receita reduciuse un 1,6% en relación ao ano anterior. Como indica o **cadro 4.2.15.**, o gasto medio por receita en Galicia foi de 11,36 euros, fronte aos 10,78 euros do conxunto do Estado. ❑

4.3.- Indicadores de benestar social

O comezo da crise supuxo para Galicia o arranque dunha clara e preocupante tendencia crecente da súa poboación en risco de pobreza. O forte incremento dos niveis de desemprego, especialmente o desemprego de longa duración, así como a evolución dos ingresos e de axudas, están entre as causas fundamentais dos menores niveis de benestar social así como do incremento da pobreza sufridos nos últimos anos.

A análise da pobreza e benestar social debe contemplarse dende unha perspectiva multidimensional, non só en termos económicos, incorporando aspectos como a calidade de vida, o nivel educativo ou o grao de exclusión.

Neste sentido, o capítulo estrutúrase en catro grandes apartados onde se presentan os principais indicadores e as prestacións e axudas públicas dispoñibles: a pobreza e a desigualdade social, a dependencia e a discapacidade, o ámbito da familia e a infancia e, en cuarto lugar, aspectos relacionados coa violencia e co maltrato.

Pobreza e desigualdade social

A evolución dos niveis de pobreza e desigualdade ven determinada por unha combinación de factores socioeconómicos e políticos que dificultan a súa análise a partir dun número reducido de indicadores. O impacto da crise económica tradúcese, entre outros aspectos, nun forte incremento dos niveis de desemprego, especialmente de longa duración, nun aumento da precariedade laboral que incide sobre unha poboación envellecida, con pensións baixas –no caso de Galicia, das máis reducidas do Estado– e con necesidades derivadas de situacións de dependencia, cada vez menos atendidas polos servizos públicos, ou nunha redución dos niveis de ingresos das familias.

A modo de resumo, o **cadro 4.3.1.** reflicte o carácter multidimensional da pobreza, presentando os valores dos principais indi-

Indicadores de pobreza en Galicia e España 2012-13

		Galicia		España		Ranking (2)	
		2012	2013	2012	2013	2012	2013
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social	(%)	23,8	24,3	27,2	27,3	10	9
Taxa de risco de pobreza	(%)	18,3	17,2	20,8	20,4	8	11
Carencia material severa	(%)	4,1	4,6	5,8	6,2	10	11
Fogares con baixa intensidade no traballo	(%)	14,7	14,1	14,3	15,7	8	8
Satisfacción coa vida	(de 0 a 10)		6,1		6,9		17
Fogares con dificultade para chegar fin de mes	(%)	17,4	20,2	19,1	19,8	9	8
Capacidade para afrontar gastos imprevistos	(%)	36,1		42,1			
Esperanza de vida ao nacer	(idade)	82,3	82,7			10	11
Informe PISA (habilidade lectora) (1)	(puntos)	499		488		6	
Informe PISA (matemáticas) (1)	(puntos)	489		484		10	
Informe PISA (ciencias) (1)	(puntos)	512		496		5	
Taxa de paro de longa duración	(%)	10,3	12,7	13,0	15,2	9	9

(1) no informe PISA 2013 tan só participan 14 CC.AA.
(2) ranking en función do valor, dende o de maior a menor
Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE e Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

4.3.1.

Rendas medias nas CC.AA. 2012-13 (1)

	2012		2013	
	Renda media por fogar	Renda media por persoa	Renda media por fogar	Renda media por persoa
	(en €)			
Andalucía	23.852	8.845	22.450	8.408
Aragón	29.339	11.904	29.311	12.022
Asturias	27.364	11.767	25.704	11.211
Baleares	28.101	11.005	26.307	10.386
Canarias	22.084	8.423	22.037	8.513
Cantabria	25.764	10.388	24.188	9.843
Castela-A Mancha	23.515	8.878	22.256	8.425
Castela e León	26.377	10.855	25.717	10.760
Cataluña	30.885	12.199	30.423	12.111
C. Valenciana	25.122	9.965	23.189	9.375
Estremadura	20.895	8.238	21.078	8.224
Galicia	26.648	10.266	25.939	10.106
Madrid	33.917	13.155	32.632	12.823
Murcia	23.901	8.474	23.011	8.253
Navarra	35.783	14.041	34.320	13.608
País Vasco	33.891	13.857	34.487	14.312
A Rioxa	26.766	11.270	25.643	10.686
Total	27.747	10.795	26.775	10.531

(1) datos correspondentes ao ano anterior á entrevista
Fonte: INE, *Encuesta de condiciones de vida. Base 2013*

4.3.2.

Ingresos medios mensuais por fogar e por persoa 2008-12

	Ingresos por fogar					Ingresos por persoa				
	2008	2009	2010	2011	2012	2008	2009	2010	2011	2012
	(en euros)									
Total	2.029	2.010	1.977	1.908	1.906	761	765	764	745	734
A Coruña	2.152	2.098	2.108	1.984	1.995	802	794	811	772	775
Lugo	1.969	1.938	1.916	1.892	1.923	772	772	774	773	759
Ourense	1.659	1.729	1.744	1.707	1.727	693	732	747	729	714
Pontevedra	2.052	2.041	1.931	1.899	1.855	730	738	711	709	682

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.3.3.

Fogares segundo o intervalo de ingresos equivalentes 2007-12

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
			(%)			
Total						
Ata 300,00 euros	1,6	1,6	1,7	1,8	2,3	3,2
De 300,01 a 450,00 euros	5,1	4,5	4,7	5,0	4,9	5,5
De 450,01 a 600,00 euros	10,7	9,3	8,9	8,4	9,0	8,6
De 600,01 a 900,00 euros	27,1	27,6	27,9	28,1	27,5	26,3
De 900,01 a 1.200,00 euros	21,9	22,8	21,7	22,5	23,1	23,5
De 1.200,01 a 1.500,00 euros	14,1	14,3	14,3	13,5	14,4	14,0
De 1.500,01 a 1.800,00 euros	8,2	8,3	8,3	8,6	7,8	8,1
De 1.800,01 a 2.100,00 euros	4,1	4,6	4,9	5,0	4,7	4,4
Máis de 2.100,00 euros	7,3	7,0	7,6	7,2	6,3	6,5

(1) datos a 31 de decembro de cada ano. Ingreso equivalente de fogar: os ingresos netos mensuais divididos entre as unidades de consumo do fogar. As unidades de consumo do fogar asignan unha ponderación de 1 ao primeiro adulto (persoas de 14 ou máis anos) do fogar, 0,5 ao resto de adultos dese fogar e 0,3 a cada neno (persoa de menos de 14 anos) do fogar

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.3.4.

cadores para Galicia e España, así como a comparación interautonómica dos mesmos, sinalando a súa situación en relación ás outras CC.AA.


O punto de partida da análise debe ser o estudo da situación dos fogares galegos atendendo ás súas rendas e ingresos medios. Segundo a Enquisa de condicións de vida do INE, a renda media anual por fogar en Galicia situouse no ano 2013 en 25.939 euros, un 2,7% menos que no ano anterior, sendo este importe inferior á media estatal (26.775 euros). Os ingresos por persoa descende igualmente para situarse en Galicia os 10.106 euros, un 1,6% inferior ao estimado no ano anterior, sendo igualmente este importe inferior á media estatal (10.531 euros). Comparada co resto das CC.AA., Galicia é a sétima comunidade con maior renda por fogar e a décima no caso da renda media por persoa.

A devandita redución da renda media nos fogares e a nivel individual ven asociada a unha cada vez maior porcentaxe de persoas que afirman ter dificultades ou moitas dificultades para cubrir os gastos mensuais. Tal e como se aprecia no **cadro 4.3.4.**, tanto Galicia como España presentan dende o ano 2011 un forte incremento deste peso relativo. No ano 2013, o 36,8% dos fogares galegos atópanse nesta situación fronte ao 28,6% que o sinalaban no ano 2008, sendo estas porcentaxes do 37,7% e 27,4%, respectivamente, no caso das persoas con dificultades o moitas dificultades para chegar a fin de mes no conxunto do Estado. Este diferencial entre os dous anos considerados explícase fundamentalmente pola evolución seguida no caso dos fogares e persoas que teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes, que en 2013 supoñen en Galicia o 16,6% dos fogares (6,1 puntos máis que en 2008) e o 17,1% das persoas (máis de sete puntos superior).

A organización da poboación en diversas estruturas familiares e a súa relación co mercado de traballo é tamén un indicador do grao de benestar social. No ano 2014 contabilízanse en Galicia aproximadamente 1.078.000 vivendas familiares, das que 32.300 vivendas non dispoñían de ningún perceptor de ingresos, e en 458.100 vivendas só un membro percibía algún ingreso económico (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego).

En relación ao ano anterior, descende por primeira vez dende o ano 2009 o número de vivendas sen perceptores de ingresos (1.600 vivendas menos) se ben este se produce tan só na provincia de A Coruña (3.300

Persoas e fogares con dificultades ou moitas difucultades para chegar a fin de mes en Galicia e España 2008-13



Fonte: INE, *Encuesta de condiciones de vida. Base 2013*

4.3.5.

Vivendas familiares 2010-14

Total fogares

	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	1.038,3	1.051,0	1.061,7	1.070,5	1.078,3
A Coruña	433,3	440,3	448,8	449,3	447,2
Lugo	132,0	134,6	133,5	133,1	137,2
Ourense	131,6	132,4	133,4	133,3	137,8
Pontevedra	341,4	343,7	346,1	354,8	356,0

Fogares sen perceptores de ingresos

	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	19,6	24,2	29,1	33,9	32,3
A Coruña	9,9	9,9	11,5	14,7	11,4
Lugo	1,9	2,1	2,8	3,4	3,6
Ourense	2,3	3,1	3,1	3,8	4,2
Pontevedra	5,5	9,1	11,8	12,0	13,1


Fogares cun só perceptor de ingresos

	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	394,6	409,8	422,6	440,3	458,1
A Coruña	168,4	180,4	185,8	187,8	193,5
Lugo	47,4	49,3	50,4	51,7	55,9
Ourense	48,9	49,5	55,0	55,7	61,2
Pontevedra	129,9	130,6	131,4	145,1	147,5

Fonte: IGE. *EPA*

4.3.6.

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-28 2008-14
(1)



(1) prezo base 2008=100
Fonte: EUROSTAT

4.3.7.

menos que en 2013). Por contra, tal e como reflicte o **cadro 4.3.6.**, aumenta en case 18.000 o número de fogares cun só perceptor, rexistrándose esta medra nas catro provincias galegas.

En relación á condición de inactivo ou activo dos membros das vivendas familiares, o 30,5% das vivendas familiares non contan en 2014 con ningún membro activo, e entre as 749.200 vivendas con ao menos un activo, no 12,4% (92.800 fogares) todos os membros activos son parados e no 69,2% (518.500 vivendas), todos os activos están ocupados.

A redución dos ingresos medios así como o incremento no prezo dos subministros básicos afecta á existencia dunha maior porcentaxe de persoas en situación de carencia material. Dunha banda, cómpre mencionar que a 31 de decembro do ano 2013 o xx,x% dos galegos non tiña capacidade para afrontar gastos imprevistos e o x,x% tivo retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal no último ano (hipoteca, aluguer, recibos de gas, comunidade...), sendo estas porcentaxes significativamente superiores ás estimadas en 2008. Doutra banda, e moi relacionado coa imposibilidade de pagar determinados gastos está o incremento do prezo do subministro enerxético, en concreto o gas natural e, especialmente, a enerxía eléctrica. O **cadro 4.3.7.** amosa que o incremento do prezo da enerxía para os consumidores domésticos en España nos últimos anos é moi superior ao incremento medio da UE-28, en tanto que no caso do gas este é superior nos anos 2013 e 2014.

Asociado ao retraso ou imposibilidade de pago de gastos hipotecarios, o INE ofrece dende o ano 2014 datos de certificacións de execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade. No último ano iniciáronse un total de 3.182 execucións hipotecarias sobre o total de fincas (2,7% do total estatal), dos que 1.733

Poboación en risco de pobreza ou exclusión social nas CC.AA. 2012-13: distribución segundo os seus compoñentes (1)

	Risco de pobreza ou exclusión social		En risco de pobreza		Con carencia material severa		Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (0-59 anos)	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
				(%)				
Andalucía	36,9	38,3	28,3	29,1	7,5	7,0	20,6	25,3
Aragón	18,4	19,8	14,5	16,1	2,5	3,3	11,8	10,2
Asturias	24,5	21,8	13,0	14,1	3,3	4,2	22,6	16,5
Baleares	25,1	27,8	19,9	19,8	7,9	10,4	10,5	7,1
Canarias	40,3	35,5	33,6	28,4	6,5	8,5	21,5	22,8
Cantabria	24,1	25,3	17,7	17,8	2,3	3,9	11,9	11,1
Castela e León	20,4	20,8	15,9	17,5	2,2	1,8	9,7	12,8
Castela-A Mancha	35,1	36,7	30,0	31,3	5,7	5,8	15,3	19,9
Cataluña	22,6	20,1	15,8	13,9	7,4	6,1	11,5	10,8
C. Valenciana	30,6	31,7	25,0	23,6	6,4	7,1	15,0	16,9
Estremadura	35,2	36,1	29,4	30,9	3,5	3,7	17,9	17,8
Galicia	23,8	24,3	18,3	17,2	4,1	4,6	14,7	14,1
Madrid	19,8	20,1	14,2	13,4	5,6	7,3	8,2	9,3
Murcia	33,5	34,1	25,2	26,8	9,1	9,0	16,0	17,3
Navarra	12,0	14,5	7,0	9,9	4,1	0,6	8,0	8,0
País Vasco	17,7	16,8	13,3	10,5	2,1	4,8	11,1	13,0
Rioxa, A	22,6	22,2	16,8	19,3	6,3	6,6	10,4	10,4
Total	27,2	27,3	20,8	20,4	5,8	6,2	14,3	15,7

Fonte: *INE, Encuesta de Condiciones de Vida. Base 2013*

4.3.8.

corresponden a execucións sobre vivendas, o que supón o 2,5% das iniciadas en España.

Comparado cos datos publicados polo Colexio de Rexistradores da Propiedade no seu informe "*Panorama Registral: Impagos hipotecarios de vivienda 2012",* que recolle o número de execucións de hipotecas relativas a vivendas iniciadas no ano 2012, tanto en Galicia como en España descende significativamente o inicio de procedementos de execución hipotecaria sobre vivenda relativos a titulares persoas físicas. No último ano estas certificacións situáronse en 1.068, o 2,4% do total estatal, o que supón un 592 menos que en 2012.


Tomando como referencia as hipotecas constituídas no período 2003-13 sobre o total de fincas, o 0,56% das hipotecas constituídas iniciaron unha execución hipotecaria en 2014, porcentaxe inferior á do conxunto do Estado, que se sitúa en 0,90%. No caso das vivendas, Galicia sitúase igualmente por baixo da media estatal, acadando o 0,48% das hipotecas constituídas fronte ás 0,79% de España.

- **Pobreza**

Atendendo tan só ao indicador monetario de renda dos fogares, a taxa de risco de pobreza defínese como a porcentaxe de persoas que viven en fogares cunha renda total equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza, isto é, inferior ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Tal e como se reflicte no **cadro 4.3.8.**, esta taxa sitúase no ano 2013 en Galicia no 17,2%, máis de tres puntos porcentuais inferior á taxa media para o conxunto do Estado, fronte ao 18,3% do ano anterior. Este descenso pode vir explicado tanto porque exista unha bolsa de poboación que mellore a súa situación como polo feito de que a porcentaxe de fogares con ingresos equivalentes menores é cada vez maior.

En relación ao resto das Comunidades Autónomas, Galicia mellora a súa posición re-

Risco de pobreza ou exclusión social (estrategia 2020) e risco de pobreza en Galicia e España 2009-13 (1)



(1) A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que se atopa nalgunha das seguintes situacións: risco de pobreza, carencia material severa ou vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos);

.- Risco de pobreza: por debaixo do limiar de pobreza, fixado no 60% da mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo das persoas (despois das transferencias sociais e sen imputar vivenda);

.- Carencia material severa: persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos, unha semana de vacacións fora da casa, pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas..., unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente, ao menos cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno, lavadora, televisión en cor, teléfono e coche;

.- Baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos): persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior.

Fonte: *INE. Encuesta de Condiciones de Vida. Base 2013*

4.3.9.

lativa situándose como a décimo primeira comunidade coa taxa de risco de pobreza máis elevada cando no ano 2012 atopábase no oitavo lugar.

A estratexia Europa 2020 amplía este indicador de pobreza monetario e define unha taxa de risco ou exclusión social onde se incorpora ademais a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. O novo indicador, denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria –definida como a porcentaxe de persoas que están por debaixo do limiar de pobreza–, como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos, unha semana de vacacións fora da casa, pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas..., unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente, ao menos cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno, lavadora, televisión en cor, teléfono e coche.

No ano 2013, último dato dispoñible, o 24,3% da poboación galega atopábase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo esta porcentaxe tres puntos inferior á media estatal. Como amosa o **cadro 4.3.9.**, mentres que no conxunto do Estado a porcentaxe de persoas que se atopa nunha situación de risco ou exclusión social medra de xeito continuado

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social 2012-13 (Estratexia Europa 2020) (1) (2)

	2012	2013
	(%)	
Total	23,58	
A Coruña	21,49	
Lugo	20,41	
Ourense	24,55	
Pontevedra	26,86	
Nacionalidade	23,58	
Española	22,53	
Estranxeira	60,05	
Fogares con ou sen nenos a cargo	23,58	
Fogares con nenos a cargo	26,31	
Un adulto con nenos a cargo	56,32	
Dous adultos con nenos a cargo	25,17	
Dous adultos con un neno a cargo	21,27	
Dous adultos con dous o máis nenos a cargo	28,6	
Tres ou máis adultos con nenos a cargo	24,01	
Fogares sen nenos a cargo	21,12	
Un adulto sen nenos a cargo	28,83	
Dous adultos sen nenos a cargo	20,4	
Tres ou máis adultos sen nenos a cargo	19,05	
Fogares segundo tipoloxías	23,58	
Unipersoal	28,83	
Sen núcleo	28,63	
Parella con fillos	22,31	
Parella sen fillos	16,6	
Monoparental	40,46	
Un núcleo e outros	22,91	
Varios núcleos	23,04	

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; e 3) persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo
(2) datos a 31 de decembro
Fonte: IGE. *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.3.10.

dende o ano 2009, en Galicia o AROPE descende ata o ano 2011 (21,0%) medrando a partir dese ano ata o devandito 24,3%. Comparado co resto das CC.AA., Galicia atópase nunha situación intermedia, sendo a oitava comunidade coa taxa máis elevada.

Desagregando esta taxa entre os seus compoñentes, Galicia segue amosando unha situación máis favorable en relación á media estatal. Dunha banda, o devandito **cadro 4.3.8.** reflicte que o 4,6% da poboación atópase nunha situación de privación material severa, o que a sitúa como a sétima Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida (6,2% no conxunto do Estado), e que o 14,1% das persoas menores de 59 anos vive en fogares con baixa intensidade no traballo, 1,6 puntos por baixo da media estatal, situándose como a oitava comunidade coa porcentaxe máis elevada.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a distribución provincial da pobreza non é homoxénea nin xeográfica nin demograficamente. Segundo os datos da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) presentados polo IGE, a provincia de Pontevedra ten taxa de risco de pobreza e exclusión social xx puntos superior á media galega, situándose no xx,x%, por diante de Ourense, con xx,x%. Por contra, Lugo e A Coruña teñen unhas taxas inferiores á media, sendo Lugo a que presenta a menor taxa, cun xx,x% da súa poboación en situación de risco ou exclusión social